

A12X00511

SERVIZO DE PROPIEDAD FORESTAL

C03,02724

IN 408A 2020/004

**ASUNTO: Avaliación de Impacto Ambiental sobre o proxecto do “ PARQUE EÓLICO
NEBOADA E LIÑA DE EVACUACIÓN”.**

EXPEDIENTE : INF_102/2022

1.- ANTECEDENTES

Con data 27 de xaneiro Presentouse á Xunta de Galicia Proxecto de Execución de 2020 e resto de documentación do parque eólico Nevoada, segundo a Lei 8/2009.

O 27.04.2021 se recibe o documento de alcance para a redacción da AIA.

O 11.05.2021 preséntase o proxecto modificado nº 1 á Proxecto de Execución e Proxecto de Interese Autonómico do parque eólico, así coma AIA, onde o promotor introduce cambios para recoller a maioría de suxerencias recibidas no documento de alcance.

A Administración comunica ao promotor que abone a taxa de tramitación da modificación substancial, enviándose xustificante de pago o 07.07.2021.

En xullo 2021 ante noticias aparecidas en medios de comunicación e reunión co Xefe de Análises de Proxectos de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, o 30.08.2021 o promotor comunica ao Órgano Substantivo que se suspenda temporalmente a tramitación da modificación substancial presentada, ata a presentación dun novo proxecto, onde se adecúe o mesmo á nova zonificación establecida para o Águila real na zona.

O proxecto ten por obxecto continuar a tramitación da modificación substancial, documentando os cambios da cordo á nova información recibida, reducindo o número de aeroxeradores, desprazándoos a outras localizacións, modificando o modelo de aeroxerador e





reducindo a potencia total do parque eólico, todo elo para atender a nova zonificación de área crítica establecida para o Águila real na zona.

Entre outra documentación, realízase un Proxecto de Interese Autonómico das instalacións, segundo a Lei 1/2021, de 8 de xaneiro de ordenación do territorio de Galicia.

2.-OBJECTO

En base ao marco normativo a sociedade Maia Directorship S.L. pretende, na súa calidade de promotor do Proxecto de Execución do Parque Eólico Nevoada e liña de evacuación, a obtención de autorización.

3.-DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

O petionario e promotor das instalacións obxecto deste documento é a sociedade Maia Directorship S.L. con CIF B 88512157.

O parque eólico Neboada proxéctase no termo municipal de Quiroga na provincia de Lugo e A Rúa e Vilamartín de Valdeorras na provincia de Ourense. A liña de evacuación afecta aos termos municipais de Quiroga e Ribas de Sil na provincia de Lugo e A Rúa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río en Ourense.

O proxecto contempla os seguintes elementos e actividades construtivas:

- ◆ viais de acceso
- ◆ cimentación de 8 aeroxeradores
- ◆ instalación de 8 aeroxeradores
- ◆ subestación 220/30 kV do parque eólico
- ◆ cableado de aeroxeradores ata a subestación do parque eólico
- ◆ edificio de control
- ◆ torre meteorolóxica
- ◆ liña de evacuación





FICHA TÉCNICA DO PARQUE EÓLICO	
NOME	Parque Eólico Neboada
POTENCIA DO PARQUE	50,00 MW
MODELO AEROXERADOR	Siemens Gamesa SG 6.6-170
N.º AEROXERADORES	8
ALTURA DO BUJE	135 m.
POTENCIA NOMINAL UNITARIA	6.600 kW (N-01) e 6.200 kW o resto aerogeradores
DIÁMETRO DO ROTOR	170 m.
Nº DE PALAS	3
HORAS EQUIVALENTES AO ANO	3.105
PRODUCCIÓN NETA ANUAL ENERXÍA VERTIDA A REDE	155.269 MWh/ano
ORIXE-FINAL LIÑA EVACUACIÓN	SET NEBOADA 30/220 Kv-SET TREBOADA 220 kV
TENSIÓN LIÑA EVACUACIÓN	220 kV
LONXITUDE LIÑA EVACUACIÓN	15,2 km.
Nº APOIOS LIÑA EVACUACIÓN	46

As coordenadas UTM ETRS89 H29 do polígono onde localizaranse os aerogeradores do parque eólico son as seguintes:

PUNTO	UTM X	UTM Y
a	651.546	4.700.542
b	658.913	4.701.239
c	658.913	4.698.246
d	653.099	4.695.339
e	652.585	4.695.379
f	649.703	4.697.437

As coordenadas UTM ETRS89 H29 dos aerogeradores son as seguintes:





AEROXERADOR	CONCELLO
N-1	Vilamartín de Valdeorras
N-2	A Rúa
N-3	A Rúa
N-4	A Rúa
N-5	A Rúa
N-6	A Rúa
N-7	A Rúa
N-8	A Rúa

A localización da torre de medición será en coordenadas ETRS89 H29:

TORRE DE MEDICIÓN	TERMO MUNICIPAL
	A Rúa

A localización da subestación será en coordenadas ETRS89 H29:

SUBESTACIÓN	TERMO MUNICIPAL
	A Rúa

A rede colectora soterrada formada por varios circuitos principais, transportará a enerxía ata a subestación.

O punto de conexión para o parque eólico Neboada é na SUBESTACIÓN TRIVES 220 kV de REE, á que se chega mediante liña 220 kV SET NEBOADA-SET TREBOADA (incluída neste proxecto) para conectar na subestación colectora Treboada que o (IUN) desenrola para conectar a tódolos promotores do nó, conectado Treboada con Trives 220 mediante liña 220 kV SET TREBOADA-SET TRIVES (que non é obxecto deste proxecto).

A liña SET NEBOADA-SET TREBOADA obxecto deste proxecto, descorre por los termos municipais de Quiroga e Ribas de Sil na provincia de Lugo e A Rúa, A Pobra de Trives e San Xoán de Río na provincia de Ourense.

As coordenadas dos apoios da liña son (en UTM ETRS89 HUSO 29 N):





ETRS89 H29	COORDENADA X	COORDENADA Y
APOYO-1	652338,04	4699397,36
APOYO-2	652170,47	4699368,72
APOYO-3	651880,66	4699319,19
APOYO-4	651575,32	4699207,72
APOYO-5	651197,76	4699069,87
APOYO-6	650878,38	4698953,27
APOYO-7	650502,63	4698816,09
APOYO-8	650258,40	4698726,92
APOYO-9	649667,55	4698511,21
APOYO-10	649170,52	4698329,75
APOYO-11	648758,47	4698179,32
APOYO-12	648647,15	4697939,37
APOYO-13	648487,76	4697595,83
APOYO-14	648365,72	4697332,76
APOYO-15	648272,52	4697131,87
APOYO-16	648096,79	4696753,10
APOYO-17	648029,41	4696607,86
APOYO-18	647848,42	4696217,74
APOYO-19	647697,56	4696100,88
APOYO-20	647423,46	4695888,54
APOYO-21	647245,68	4695750,82
APOYO-22	646277,29	4695569,97
APOYO-23	645958,36	4695397,49
APOYO-24	645660,70	4695236,51
APOYO-25	645408,25	4695099,99
APOYO-26	645070,48	4694917,32
APOYO-27	644503,75	4694610,83
APOYO-28	644240,07	4694468,23
APOYO-29	644011,55	4694403,66
APOYO-30	643544,82	4694271,80
APOYO-31	643402,37	4694231,55
APOYO-32	643217,09	4694179,21
APOYO-33	642956,97	4694105,72
APOYO-34	642560,07	4693993,58
APOYO-35	642309,06	4693922,66
APOYO-36	642056,19	4693851,22
APOYO-37	641832,29	4693787,96
APOYO-38	641609,03	4693724,89
APOYO-39	641168,28	4693600,36
APOYO-40	640949,83	4693538,65
APOYO-41	640685,19	4693463,88
APOYO-42	640387,83	4693379,87
APOYO-43	639940,35	4693253,44
APOYO-44	639689,18	4693182,48
APOYO-45	639424,54	4693107,71
APOYO-46	639251,10	4693058,71





No nó de Trives hai un total de 9 parques eólicos con acceso outorgado por REE, dos cales 8 parques eólicos teñen solicitada a conexión ante REE.

4.- AFECCIÓNS

Áreas afectadas:

- Área de pleno dominio: zona que tras a construción do parque non poderá ser utilizada polos propietarios dos terreos.
 - Cimentación dos aeroxeradores: superficie de escavación necesaria da cimentación incrementada 2 m. como medida de seguridade.
 - cimentación de torre anemométrica: superficie de escavación necesaria da cimentación incrementada 2 m. como medida de seguridade.
 - plataformas de montaxe de aeroxeradores: movemento de terras necesario incrementada esta superficie 2 m. como medida de seguridade.
 - edificio de control e subestación: movemento de terras na plataforma compartida entre ambos incrementado esta superficie 1 m. como medida de seguridade.
- Área de réxime de servidume: área, que trasla construción do parque, non poderá ser utilizada polos propietarios dos terreos para determinadas actividades que afectan negativamente á produción do parque, como edificacións ou especies vexetais en alturas superiores a 10 m. Inclúe:
 - accesos, viais interiores e canalizacións de cableado.
 - Vía: movemento de terras que se produce na execución, incrementado en 3 m. a cada lado como medida de seguridade.
 - Gabia para o cableado: franxa de 4 m. centrada dende o eixo da gabia, si descorre paralela ao viario, e se descorre independente franxa de 6 m. centrada no eixo da gabia.
 - Zona do voo do aeroxerador; área circular de 145 m. de diámetro.
 - Rúa de protección da liña deberase reservar un área libre de vexetación ou outros obstáculos que puideran afectar ao correcto funcionamento da liña nas marxes da zona de voo.
 - Área ocupacional temporal: franxa do terreo no redor do apoio para a execución da obra e utilízase por un tempo determinado.





5.-OBRA CIVIL

Son as seguintes:

- **Cimentación de aeroxeradores:** zapata de forma circular de 23,70 m. de diámetro que implica roza e despexe da vexetación e escavación do pozo.
 - **Plataformas de montaxe do aeroxerador** para facilitar as labores de montaxe da torre, instalación de grúas para izado da torre, góndola e palas do aeroxerador así como acopio temporal dos diferentes compoñentes do aeroxerador. Teñen forma de triángulo rectángulo de 3.567 m². Situada frete á cementación atópase unha zona de traballo da grúa principal que ten unhas dimensións de 522 m² e adicionalmente unha zona de acopio de palas de 2.737 m². Unha vez rematadas as obras procederase a súa restauración mediante suavizado de os noiros máis verticais, recheo e/ou sobrantes de terra da obra para cubrir as escavacións e retirada da zahorra das zonas a restaurar así como ripado/escarificado da zona e estendido de 20 cm. de terra vexetal e a sementa correspondente. Sobre a plataforma de traballo da grúa principal realizarase unha extensión de 20 cm. De terra vexetal, sin retirada da zahorra existente.
 - **Zonas de montaxe de grúas de celosía** para o izado dos últimos tramos da torre, a nacelle e as palas de dimensións 2.156 m² a continuación da plataforma do aeroxerador.
 - **Acesos e viais** a través da infraestrutura da zona:
 - **vial de acceso principal:** conéctase a unha estrada de titularidade municipal á cal chégase mediante conexión co as estradas LU-933 e N-120 respectivamente.
 - **viais secundarios** adáptanse ao máximo á topografía para minimizar o movemento de terras, procurando desmonte aberto na ladeira evitando trincheiras. Onde resulte factible, lévase parte do camiño en terraplén empregando produtos de desmonte para compensar o volumes na medida do posible, minimizando o transporte de terras ao vertedoiro. Onde sexa posible, adaptaranse aos viais existentes minimizando a apertura de novos viais.
- Lonxitude total 14.789 m. de viais de acceso:
- ♦ 8.664 m. viais novos
 - 3.730 m. serán de zahorra
 - 4.935 m. de formigón
 - ♦ 6.125 m. viais a acondicionar
 - 4.344.m. serán de zahorra
 - 1.781 m. de formigón





- Ancho mínimo 5 m.
 - pendente máxima 10 %
 - O proxecto contará con unha zona de parque de maquinaria, campamento de obra e acopio nas proximidades do aeroxerador N-2 dunha superficie de 5.000 m².
 - **Gabias:** para a canalización dos cables de potencia e sinal e as canalizacións para a rede de terra cun total de 9.533 m.
 - gabia normal: profundidade da escavación 0,80 m. e anchura dependente do número de ternas.
 - gabia en cruce dos camiños: profundidade 1 m. e anchura dependente do número de ternas.
 - gabia de manobra: deberanse protexer os cables de media tensión cun macizo de formigón.
 - **Torre meteorolóxica:** de 135 m. de altura
 - **Subestación:** o recinto está protexido por unha valla de 2,20 m. de altura como mínimo. A superficie aproximada é de 6.577 m². Localízase no termo municipal de A Rúa (Ourense).
 - **Liña aérea de evacuación SET NEBOADA-SET TREBOADA en 220 kV:** inclúe cimentacións, montaxes de apoio, tendido de cables, a rede de viais para acceder aos apoios, tendido de fibra óptica e execución de rede de posta a terra dos apoios. É un sistema de corrente trifásica, de frecuencia 50 Hz. tensión nominal 220 kV, nº de circuitos 1, nº de apoios 46 e vanos 45 e zona B e C coa unha lonxitude de 15,2 Km. Non existen paralelismos no trazado da liña deseñado.
- A continuación descríbense os cruzamentos que presenta a parte aérea da liña de evacuación de 220 kV:

Nº CRUZAMENTO	APOIO ANTERIOR	APOIO POSTERIOR	LONXITUDE (m)	TIPO	DIST. REAL VERTICAL (m)	ORGANISMO
1	2	3	2	Regato Rivoco o artesíña	27,43	CH Miño-Sil
2	4	5	1	Regato das sumieiras	35,82	CH Miño-Sil
3	4	5	4	camiño	29,9	Concello Quiroga
4	5	6	4	camiño	11,01	Concello Quiroga
5	6	7	4	camiño	14,47	Concello Quiroga
6	8	9	2	arroyo	117,25	CH Miño-Sil
7	9	10	4	camiño	21,25	Concello Quiroga
8	9	10	2	Río Centeais	59,91	CH Miño-Sil





9	9	10	4	camiño	18,35	Concello Quiroga
10	10	11	4	camiño	21,42	Concello Quiroga
11	10	11	4	camiño	26,86	Concello Quiroga
12	11	12	4	camiño	28,77	Concello Quiroga
13	12	13	1	Liña 20 kV derivada a Centeais	10,54	U.F.D
14	15	16	1	Liña 20 kV derivada a Os Alvaredos	6,96	U.F.D
15	17	18	4	camiño	28,84	Concello Quiroga
16	18	19	1	Liña 45 kV Sequeiros-A Rúa	7,49	U.F.D
17	21	22	6	Estrada LU-933	21,39	Deputación Lugo
18	21	22	15	Liña 132 kV Fenosa	22,17	U.F.D
19	21	22	1	Liña 20 kV	41,1	U.F.D
20	21	22	6	Estrada a O Ivedo	66,21	Concello Quiroga
21	21	22	30	ferrocarril	111,82	ADIF
22	21	22	83	Río Sil	123,17	CH Miño-Sil
23	21	22	20	Estrada N-120 e futura A-76	98,19	Ministerio Fomento
24	21	22	6	Estrada a Peites	25,65	Concello Ribas de Sil
25	21	22	1	Liña 20 kV Fenosa	23,36	U.F.D
26	21	22	6	Estrada a Peites	25,65	Concello Quiroga
27	22	23	4	camiño	13,35	Concello Ribas de Sil
28	33	34	2	Regueiro das Cabanas	61,55	CH Miño-Sil
29	37	38	1	Liña 20 kV Fenosa	12,59	U.F.D
30	38	39	2	Regato	48,27	CH Miño-Sil
31	38	39	6	Estrada local	35,38	Concello San Xoan de Río
32	39	40	1	Liña 20 kV Fenosa	11,42	U.F.D
33	40	41	6	Estrada local	14,88	Concello San Xoan de Río
34	41	42	10	Estrada OU-0705	17,88	Deputación Ourense
35	43	44	6	Estrada local	16,95	Concello San Xoan de Río
36	45	46	4	camiño	10,35	Concello San Xoan de Río





As infraestruturas do parque ocuparán unha superficie total de 245.704 m².

6.- IDENTIFICACIÓN DE IMPACTOS

➤ PARQUE EÓLICO

→ FASE DE CONSTRUCCIÓN

- ♦ ocupación de terreos
- ♦ acopios e instalacións auxiliares de carácter temporal durante a construción
- ♦ transporte de materiais e maquinaria
- ♦ roza do terreo antes de realizar o movemento de terras
- ♦ explanacións
- ♦ adecuación de accesos
- ♦ construcións de viais
- ♦ escavacións
- ♦ cimentacións
- ♦ montaxe de infraestruturas
- ♦ aeroxeradores
- ♦ torre meteorolóxica
- ♦ edificio e parque intemperie
- ♦ recheo de gabias
- ♦ acondicionamento e reposición de terreos

→ FASE DE FUNCIONAMENTO

- ♦ ocupación de terreos
- ♦ presenza das infraestruturas
- ♦ mantemento do parque
- ♦ drenaxe e desaugadoiros

→ FASE DE DESMANTELAMENTO

- ♦ desmantelamento das instalacións
- ♦ restauración ambiental

➤ LIÑA DE EVACUACIÓN

→ FASE CONSTRUCCIÓN

- ♦ ocupación de terreos
- ♦ acopios e instalacións auxiliares de carácter temporal durante a construción
- ♦ transporte de materiais e maquinaria
- ♦ roza do terreo antes de realizar o movemento de terras





- ♦ accesos temporais
 - ♦ escavacións
 - ♦ cimentacións
 - ♦ montaxe de apoios e crucetas
 - ♦ tendido e conexión do cableado
 - ♦ gabias
 - ♦ acondicionamento e reposición do terreo
- FASE FUNCIONAMENTO
- ♦ ocupación de terreos
 - ♦ presenza das infraestruturas
 - ♦ mantemento
- FASE DE DESMANTELAMENTO
- ♦ desmantelamento das instalacións
 - ♦ restauración ambiental

7.-MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS

- sinalización, balizamento e definición planimétrica das zonas de exclusión o protección na execución da obra.
- movemento de terras: unha vez rematada a fase de execución, procederase a restauración e reposición da vexetación das zonas afectadas.
- as zonas de instalacións e parque de maquinaria disporanse de xeito que as afeccións ao entorno sexan as menores posibles.
- No caso de que sexa necesario acondicionar viais existentes para o tránsito de vehículos ou maquinaria por exixencias da obra e se atopen en mal estado, as actuacións a realizar non poderán exceder os límites dos viais existentes
- evítanse movementos de terra durante as épocas de máximas precipitacións.
- Procederase a reposición da vexetación, nas superficies afectadas polas obras, de xeito paralelo ao avance das mesmas.
- Instalaranse gabias na base da zonas de desmonte e terraplén para minimizar a posibilidade de arrastres de material edáfico á rede de drenaxe natural.
- Colocaranse drenaxes transversais e lonxitudinais na rede viaria do parque.
- Delimitarase un espazo destinado ás instalacións auxiliares, localizados en espazos que carezcan de valores ambientais relevantes e con pouca pendente.





- Nos procesos de roza da cuberta vexetal, previos ao movemento de terras, retiraranse as capas fértiles do solo, a terra vexetal, que se acopiará en diversos puntos para posteriormente ser empregada na restauración vexetal das superficies afectadas polas obras. Se transcorre máis dun ano entre o acopio e o emprego da terra vexetal, sementarase cunha mistura de sementes de herbáceas.
- As terras sobrantas levaranse a un vertedoiro autorizado.
- A restauración vexetal de taludes e terrapléns será o antes posible para minimizar a erosión, aplicando terra vexetal, hidrosementa e plantacións, de xeito que garante a prevención dos procesos erosivos.
- Para paliar a compactación producida pola circulación de vehículos e maquinaria sobre a zona na que vaise restaurar a vexetación, levarase a cabo labores de subsolado previas aos traballos de restauración.
- Faranse comprobacións visuais da zona de obras detectando a existencia de fenómenos erosivos e a súa intensidade.
- Na fase de replánteo sinalaranse as árbores a protexer e os exemplares que serán eliminados.
- Respectarase todo tipo de vexetación que non afecte á execución da obra.
- O tipo de roza empregado debe facilitar a restauración natural da vexetación.
- Realizarase a restauración e recuperación de todos os terreos afectados polas obras.
- Ao rematar as actividades da obra, levarase a cabo o desmantelamento das instalacións e procederase á adecuación dos emprazamentos.

8.- PROGRAMA DE VIXILANCIA AMBIENTAL

Para garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras e establecer os procedementos de detección, valoración, control e corrección de impactos ambientais imprevistos

9.-INFORME DO DISTRITO FORESTAL VIII

- A liña SET NEBOADA-SET TREBOADA discorre polos termos municipais de Quiroga e Ribas de Sil, na provincia de Lugo e A Rúa, A Pobra de Trives e San Xoan de Ríos na provincia de Ourense.
- Os aeroxeradores N-10 e N-11 están no termo municipal de Quiroga.
- No termo municipal de Quiroga iran 19 apoios e 6 apoios en Ribas de Sil.





- A zona de influencia do parque eólico Neboada afectarían os seguintes montes veciñais en man común:
 - **M.V.M.C. DE SERRA DE ARTEIXIÑA (BENDILLÓ E CHAO DA CASA)**
 - **M.V.M.C. DE CENTEIS E FERREIRA**
 - **M.V.M.C. DE CADAVEDOS**
 - **M.V.M.V. DE FIAIS**
 - **M.V.M.C. DE VILAR DE MONDELO**
- A liña de evacuación pasa por:
 - **M.V.M.C. VILASTER**
 - **M.V.M.C. DE CENTEIS E FERREIRA**
 - **M.V.M.C. DE ERMIDÓN, IVELO E SAN MIGUEL**
 - **M.V.M.C. DE SERRA DE PEITES**
- Tanto a zona de influencia como a liña estarían dentro dos seguintes elencos:
 - 2715803 Serra de Arteixiña
 - 2715889 Biscobio
 - 2715807 Cadavedos
 - 2715761 Vilar de Mondelo
 - 2715753 Serra de Peites
 - LU2065 Valdecebes e Arteixiña. Proxecto

10.-CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental (DOG núm. 252, do 29 de decembro).
 - No seu artigo 45.7. Prevalencia en afeccións a montes veciñais en man común.
 - Na disposición adicional terceira. Infraestruturas de evacuación.
 - Na disposición transitoria segunda. Áreas de desenvolvemento eólico (ADE)
- Decreto 260/1992, de 4 de setembro, que regula a Lei 13/1989, de 10 outubro, de montes veciñais en man común (DOG. Núm. 186, do 23 de setembro).
 - No seu artigo 6. Expropiación Forzosa.
 - No seu artigo 7. Ocupación e servidumes.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia (DOG núm. 140, do 23 de xullo).





- No seu artigo 58. Uso e actividade forestal.
 - No seu artigo 59. Cambio de uso forestal.
 - No seu artigo 66. Informe sobre os instrumentos de ordenación do territorio e sobre o planeamento urbanístico.
 - No seu artigo 68. Distancias das repoboacións.
 - No seu artigo 68 bis. Adecuación das masas arboradas e das novas plantacións ás distancias mínimas establecidas pola normativa forestal e de defensa contra os incendios forestais.
 - No seu anexo II. Distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. (DOG núm. 74 do 17 de abril).
- No seu artigo 20. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.
 - No seu artigo 20 bis. Redes primarias de faixas de xestión de biomasa.
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro. (BOE núm. 294, do 6 de decembro).
- No seu artigo 7.1. Ámbito da aplicación da AIA.
 - No seu artigo 34. Actuacións previas: consulta as administracións públicas afectadas.
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE num. 310, do 27 de decembro) e a resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción de acordo co previsto nesta Lei (DOG núm. 54, do 19 de marzo).
- No seu artigo 53. Autorización de instalación de transporte, de distribución, produción e liñas directas

Por todo o exposto, e ratificando os datos recollidos no informe do Distrito Forestal VIII sobre o proxecto “Parque Eólico Neboada e a súa liña de evacuación” e polo cumprimento do artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental





INFORMO

De acordo cos datos do Servizo de Montes e o informe emitido polo Distrito Forestal, o “Parque Eólico Neboada e a súa liña de evacuación” afecta a montes veciñais en man común, polo que será necesario o informe do Servizo de Montes sobre compatibilidade e prevalencia de ambas utilidades públicas.

As superficies de afección do parque ó medio forestal veñen determinadas polas áreas ocupadas directamente polo xerador de enerxía eólica e as demais infraestruturas do parque eólico así como pola súa liña de evacuación, polas distancias de servidumes que operen para cada elemento construtivo e ademais pola superficie necesaria para o cumprimento das distancias de plantacións da Lei de montes de Galicia e mais a normativa de prevención de incendios relativa a redes de faixas de xestión de biomasa.

A localización dos aeroxeradores e demais infraestruturas necesarias para o seu funcionamento, deben evitar a corta innecesaria de arborado para non romper a continuidade das masas forestais e para que o valor forestal destes montes non se vexa afectado.

O Servizo de Montes lembra que, neste tipo de proxectos, dentro das superficies de vocación forestal, convén sempre supoñer a nova clasificación á de protección forestal de xeito, que en cada caso, prevalezan as condicións de uso máis restritivas dentro das correspondentes ás dúas clasificacións, e que os montes conserven integramente a clasificación que incide na conservación dos seus valores forestais. Ademais, este servizo considera que para estes proxectos o cambio de clasificación debería limitarse ás superficies de afección directa dos aeroxeradores e vías, co obxecto de no perder potencial para a produción forestal nos arredores.

Lugo,
O Xefe de Servizo

Miguel Ángel Cela González

V. e pr.
A Xefa Territorial

María Olga Iglesias Fontal

